

ANA LESTIDO REBOIRAS, SECRETARIA DO CONSELLO DO TURISMO DE GALICIA, CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de setembro de 2022, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia a Festa da Pataca de Coristanco,

“INFORME SOBRE Á DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO: A FESTA DA PATACA DE CORISTANCO

FEITOS

1 O 07.06.2021 o Concello de Coristanco presentou unha solicitude para a declaración do evento denominado *A festa da Pataca de Coristanco* como festa de interese turístico de Galicia.

2 A solicitude reúne os requisitos e xunta a documentación esixida nos artigos 10 e 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

3 No expediente constan os seguintes informes:

- Informe do 18.05.2022 da Área Provincial de Turismo de A Coruña.
- Informe do 18.05.2022 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Informe do 27.05.2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Informe do 14.06.2022 da Dirección Xeral de Saúde Pública.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. Competencia

Este informe emítese sobre a declaración da **Festa da Pataca (Concello de Coristanco)** como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, e no artigo 6.1 b) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII "Promoción e fomento do turismo", no capítulo II "Medidas de promoción e fomento", as festas de interese turístico de Galicia, que sinala:

"Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar Festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan."

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón que a declaración se efectuará en función do cumprimento dos **requisitos e criterios de valoración** que se recollen nos seus artigos 3 e 4, respectivamente.



III. Procedencia da declaración

A festa da Pataca de Coristanco é unha celebración de periodicidade anual, cuxas orixes se remontan ao ano 1980, unindo desde entón patrimonio, tradición e gastronomía. Trátase unha manifestación cultural e social de enaltecemento do produto da pataca de Coristanco, froito nesas terras da dedicación ao traballo de agricultores e produtores.

1. Cumprimento dos **requisitos** establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro.

- **Antigüidade:** Dende 1980 o concello de Coristanco organiza a Festa da Pataca cada terceiro domingo do mes de setembro como unha festa gastronómica de exaltación deste tubérculo na que se pretende, non só homenaxear aos produtores de patacas senón a toda esta labor do campo.

Esta festividade ten a súa orixe na necesidade de dar a coñecer a calidade do produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un óptimo lugar para o seu cultivo, pola conxunción da climatoloxía húmida e temperada desta xunto coas condicións do seu solo.

- **Singularidade:** O concello de Coristanco foi seleccionado polo Instituto Nacional de Sementes para a produción da Pataca de Semente polas súas condicións climatolóxicas e edafolóxicas para este cultivo. A publicidade relativa á semente fixo que paralelamente se dera a coñecer tamén a pataca de consumo producida na zona, feito que tamén se viu potenciado coa celebración de "A Festa da Pataca".

A pataca permitiu que a sona do Concello de Coristanco se espallara por toda Galicia e que a actividade agraria deste municipio fora ocupando a parte da súa poboación pese a redución que ano a ano sofre este sector por mor da precaria situación na que se atopa a agricultura.

- **Arraigamento:** O Concello de Coristanco é coñecido como *o Verxel de Bergantiños* e, porén do esgrimido anteriormente, Terra de Pataca, vencellado a este tubérculo e incluído na Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", dentro da subzona de Bergantiños. A



parte da relevancia na economía coristanquesa, a pataca xa forma parte da propia cultura municipal, homenaxeándose ano tras ano a este tubérculo cun dos máis antigos eventos gastronómicos de Galicia. A Festa da Pataca converteuse nunha magnífica plataforma de promoción deste produto tan arraigado na comarca.

- **Accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas:** Recóllense na memoria, cumprindo co establecido no artigo 3 d) do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia. Dende o concello de Coristanco promocionan a Festa da Pataca tanto a través de prensa dixital como de prensa escrita, mediante medios audiovisuais como a radio e a televisión ou mediante a inserción de *banners* publicitarios en páxinas web, cumprindo co mínimo esixido no Decreto 4/2015 de 10 accións de promoción nos últimos 5 anos.
- **Valor cultural:** A festa da Pataca de Coristanco é unha manifestación de interese e valor cultural no eido da gastronomía galega. Foi unha das primeiras festas gastronómicas de Galicia, nacente nun momento de predominio do traballo agrícola e de cultura enraizada na vida rural.

Para xustificar este valor cultural achégase un informe de Evaristo Domínguez Rial, licenciado en Xeografía e Historia pola USC, autor de varios libros, no que sinala, entre outras cousas, que *"Coristanco se definiu xa algún tempo na publicidade institucional do propio concello como "O verxel de Bergantiños" e a fe miña que non lle faltaba razón. Terra fartureta onde as haxa. A calidade do seu chan é un regalo de Deus. As colleitas proporcionadas son abondosas e de extraordinaria calidade. Aquí prodúcese a inigualable pataca de Coristanco...solos profundos e fértiles, o agarimo con que os labregos traballan os seus predios e o clima benigno conxúganse para que os produtos agrícolas que nesta nosa terra se obteñen destaquen pola súa cantidade e calidade. De todas estas producións salientamos sobre as demais, sen lugar a dúbidas, e como xa dixemos, "A PATACA DE CORISTANCO" cultivada en todo o concello pero que onde mellor se dá é nas parroquias "da baixa" que están preto ou ao abeirán ao pai Anllóns: Erbecedo, Traba, Oca, Xaviña, San Paio, Cereo, Verdes, San Xusto, Valenza, Santa Baia, etc. Para promocionar este manxar das terras coristanquesas comezouse, hai nada menos que 39 anos a celebrar a "Festa da Pataca" coa idea*



de dala a coñecer fóra dos lindes do concello, porque aos coristanqueses non facía falta falarlles ou explicarlles as calidades do seu produto estrela, sabían de sobra... Neste intre no que se está dando o abandono do rural, unha imparable perda demográfica e o abandono de moitas terras cultivables de excelente calidade viría moi ben que para fixar esa poboación a xente lle vise futuro, que se decatase de que se pode vivir con dignidade do rural e no rural. Unha iniciativa de indubidable efecto beneficioso para acadar este obxectivo de fixar poboación, de que poida obter os suficientes recursos económicos do campo e no campo, que poida sentirse orgullosa de residir aquí, que lle amose ás futuras xeracións que iso é posible; todo iso, repito, viría apoiado sobre maneira se se acadase a DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO para a festa da Pataca polo efecto multiplicador que tal declaración traería nesta promoción...”

- **Continuidade no tempo:** Esta festa vense celebrando de xeito ininterrompido dende o ano 1980. Impón o artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia que entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de 4 anos. Queda acreditado que a “Festa da Pataca” se ven celebrando anualmente no mes de setembro mediante a aportación por parte do concello tanto dos carteis promocionais de cada un dos últimos 20 anos, como pola achega dos anuncios promocionais en prensa correspondentes a cada un deses anos, sendo so interrompida a súa celebración nos anos 2020 e 2021 a causa da pandemia da Covid 19. Nestes dous anos desde o concello buscaron conmemorar a celebración da festa da pataca a través das canles de difusión municipais, con exposicións online, concertos en *streaming* e actividades adaptadas á situación provocada pola pandemia.

Xa neste 2022 se está preparando a volta da celebración da festa da pataca de Coristanco, na que intervirán diversas áreas municipais que traballarán estreitamente xunto con voluntarios para lograr unha excelencia gastronómica deste evento como ferramenta de promoción e imaxe do produto.

2. Cumprimento dos **criterios de valoración** establecidos no artigo 4 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro. Para a valoración desta solicitude téñense en conta os seguintes aspectos:



- En relación á **facilidade de acceso**: comentar que a Festa se realiza en espazo aberto, polas rúas do pobo, polo que non existe control de aforo e todo o mundo pode acceder. Parte da celebración da festa realízase no parque municipal e polas distintas rúas (a maioría delas cortadas ao tráfico a salvo da AC-552 que se regula por axentes) así que incluso persoas con mobilidade reducida poderían acceder a todas as actividades e postos (visitar os tractores, acceder aos xogos tradicionais, degustacións, etc).
- En relación á **estética, costumes e tradicións**: comentar que o prato forte da Festa é a procesión de tractores engalanados, que exalta o propio produto. O mero feito de que os tractores teñan que ir engalanados con patacas, exalta un produto tradicional (a pataca) e incluso rememora os útiles de labranza que antigamente se utilizaban na súa produción (en moitas ocasións as figuras elixidas polos participantes fan referencia a grades, arados, etc). Os xogos levan implantados case dende o inicio da festa e a día de hoxe séguense mantendo, o que mantén o seu espírito.

Nas fotografías móstrase o aspecto estético.

- En relación ao **coidado dos contornos**: comentar que, ao tratarse dunha festa que se celebra no entorno urbano da parroquia de Traba, non existen actuacións que se fagan ou se poidan facer para mellorar a celebración da Festa. A salvo sempre de procurar a seguridade dos participantes (limpeza e preparación de rúas, rúas cortadas ao tráfico para unha liberdade de movementos dos participantes, fincas acondicionadas para albergar aparcamentos, etc) E neste momento, estase a tramitar un expediente para a colocación dun Museo da Pataca, o que redundará nunha maior proxección da festa e do produto.
- En relación á **calidade dos actos** que configuran a celebración, tal como expón o catedrático Jorge Mira no seu escrito de apoio á declaración como festa de interese turístico galego, o traballo organizativo realizado para a celebración da festa é realizado por un amplo equipo de profesionais e particulares, coidando cada detalle nos actos que se levan a cabo na celebración da festa: concursos variados, xogos populares, exposicións,



degustacións ou demostración de maquinaria sendo o que máis luce o desfile de tractores engalanados, sendo o principal elemento a pataca de Coristanco.

- En relación á **creatividade e innovación**: comentar que, pola propia mecánica da festa, tanto os propietarios dos tractores como os participantes noutros concursos (gastronómico, figura con patacas, etc) deben presentar os seus traballos da forma máis orixinal posible, sempre respectando o produto da pataca, porque elo redundará na mellor posibilidade de alcanzar os mellores premios.
- En relación ao **nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e recepción de visitantes**: comentar que, se ben a festa ten un carácter eminentemente exterior, estase a levar a cabo un proceso de contratación para a instalación dun museo; habílanse zonas de aparcamento de vehículos particulares e zonas para descarga de autobuses; instálanse casetas de degustación e cóntase coa asistencia de pulpeiras, o que, sumado aos propios locais da vila, proporcionan lugares para o xantar dos visitantes.
- En relación á **coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa**: comentar que os comercios da zona participan activamente no patrocinio da festa (ruta dos pinchos, carteleira...). Tamén se teñen recibido subvencións puntuais de Xunta/Deputación para certas actuacións que teñen lugar eses días (Rede cultural por exemplo). De igual forma se colabora de forma desinteresada por parte da AVPC Coristanco, e dos colaboradores habituais da mesma durante moitos anos: AVPC de Arteixo, Malpica de Bergantiños, Cerceda, Cabana e Zas. Tamén se conta coa colaboración do posto da Garda Civil de Carballo.



- En relación aos **orxamentos**:

- Crédito total consignado no exercicio 2021: 97.430,54 euros
- Crédito total consignado no exercicio 2020: 60.430,54 euros
- Crédito total consignado no exercicio 2019: 45.600,00 euros
- Crédito total consignado no exercicio 2018: 61.165,52 euros
- Crédito total consignado no exercicio 2017: 227,53 euros (non existía partida específica para a Festa da Pataca como tal). Gastados 60.612,68 euros (incluídos en partidas orzamentarias correspondentes a cultura en xeral).

A día de hoxe, e dende o exercicio 2018, cóntase con partida orzamentaria específica para os gastos imputables á Festa da Pataca cun importante orzamento, que se foi incrementando cos anos, en atención á importancia crecente da festa.

3. Procedencia da declaración

Na regulación vixente diferéncianse os requisitos esixibles para a declaración de festa de interese turístico dos criterios de valoración; os requisitos configúranse como elementos de inescusable concorrencia e deben ser apreciados con rigor, posto que as festas declaradas deben ser a imaxe de Galicia, e así, tender cara a excelencia e calidade.”

Por todo o exposto, o Consello de Turismo de Galicia propón

INFORMAR

Favorablemente a declaración como festa de Interese Turístico de Galicia o evento denominado “Festa da Pataca” do concello de Coristanco.”

E para que conste para todos os efectos, asino este certificado en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

